

DATA DE
RECEPCIÓN:
14/06/2017

DATA DE
ACEPTACIÓN:
31/08/2017

NOVAS PRÁTICAS CULTURAIS EN PORTUGAL:
TRINTA POR UMA LINHA E TROPELIAS & COMPANHIA

NUEVAS PRÁCTICAS CULTURALES EN PORTUGAL:
TRINTA POR UMA LINHA Y TROPELIAS & COMPANHIA

NEW CULTURAL PRACTICES IN PORTUGAL:
TRINTA POR UMA LINHA AND TROPELIAS & COMPANHIA

Sara Reis da Silva

Universidade do Minho-Instituto de Educação
sara_silva@ie.uminho.pt

Eulalia Agrelo Costas

Universidade de Vigo
magrelo@uvigo.es



NOTAS/ NOTAS / NOTES

Resumo: Depois de facer unha serie de alusións ao contexto editorial portugués no relativo á Literatura Infantil e Xuvenil tras o remate da ditadura de Salazar, faise unha aproximación ao termo “axente cultural”, no que se inscribe o investigador, estudoso e docente do ensino superior, ademais de recoñecido poeta e contista, João Manuel Ribeiro, e o seu proxecto Trinta Por Uma Linha. Sinálase que os catálogos de dous dos selos que este home polifacético acolle no seu proxecto, Trinta Por Uma Linha e Tropelias & Companhia, revelan un serio e documentado investimento no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil, a través da publicación de volumes da autoría dalgúns dos nomes portugueses máis representativos deste sistema literario e incluso doutros en proceso de emerxencia. Coméntase que estes títulos engloban relevantes series, caso de “Rimas traquinas”, e propoñen unha importante, a única do xénero en Portugal, colección de estudos ao redor da literatura para os máis novos, a colección “Percurso em Literatura Infantojuvenil”. Subliñase tamén a resistencia destes selos por non caer ante as difíciles condicións económicas derivadas da crise e por continuar a cumprir unha importante función divulgativa e formativa.

Palabras chave: Emerxencia/divulgación cultural, Literatura Infantil e Xuvenil, novas editoras.

Resumen: Después de facer unha serie de alusiones al contexto editorial portugués vinculado a la Literatura Infantil y Juvenil tras la finalización de la dictadura de Salazar, se hace una aproximación al término “agente cultural”, en el que se inscribe el investigador, estudioso y docente de la enseñanza superior, además de reconocido poeta y cuentista, João Manuel Ribeiro, y su proyecto Trinta Por Uma Linha. Se descata que los catálogos de dos de los sellos que este hombre polifacético acoge en su proyecto, Trinta Por Uma Linha y Tropelias & Companhia, revelan una seria y documentada apuesta en el ámbito de la Literatura Infantil y Juvenil, mediante la publicación de volúmenes de la autoría de algunos de los nombres portugueses más representativos de este sistema literario e incluso de otros en proceso de emergencia. Se comenta que estos títulos engloban relevantes series, caso de “Rimas traquinas”, y proponen una importante, la única del género en Portugal, colección de estudios alrededor de la literatura para los más jóvenes, la colección “Percurso em Literatura Infantojuvenil”. Se señala también la resistencia de estos sellos por no caer ante las difíciles condiciones económicas derivadas de la crisis y continuar cumpliendo una importante función divulgativa y formativa.

Palabras llave: Emergencia/divulgación cultural, Literatura Infantil y Juvenil, nuevas editoriales.

Abstract: After making a series of allusions to the Portuguese editorial context linked to Children’s and Youth Literature after the end of Salazar’s dictatorship, they approach the cultural agent term, in which they inscribe the project Trinta por Uma Linha and its impeller, João Manuel Ribeiro, researcher, scholar and teacher of higher education, apart from being a renowned poet and storyteller. It is noted that the catalogs of the two labels that hosts, Trinta Por Uma Linha and Tropelias & Company, reveal a serious and documented bet in the field of Children’s and Youth Literature, by publishing volumes of the authorship of some of the most representative Portuguese names of this literary system and even of others in the process of emergency. These titles include relevant series, a case of “Rimas traquinas”, and propose an important, the only one of the genre in Portugal, collection of studies around the literature for the youngest, the collection “Percurso em Literatura Infantojuvenil”. It is also pointed out the resistance of these imprints for not falling in the difficult economic conditions derived from the crisis that and continue to fulfill an important informational and formative function.

Keywords: Cultural emergence/dissemination, Children’s and Youth Literature, new editorials.

Reis da Silva, Sara e Eulalia Agrelo Costas (2018).
Novas prácticas culturais en Portugal: Trinta Por Uma Linha e Tropelias & Companhia.
Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil, 5, "Notas", 21-30. ISSN 2386-7620.
DOI <http://dx.doi.org/10.15304/elos.5.4122>

Consideracións xerais

O réxime ditatorial de Salazar, iniciado en 1933 e caracterizado polo control e prohibicións no ámbito cultural, influíu na edición de obras non só para un público adulto senón tamén infantil, como o testemuña a publicación de *Instruções sobre Literatura Infantil*, por parte da Direcção dos Serviços de Censura no ano 1950. Co seu remate no mes de abril de 1974, Portugal ve que a súa actividade editorial volve gañar folgos. Ao pé de editoras cunha longa historia que fortalecen os seus catálogos, como foron os casos de Livros Horizonte (1953), Afrontamento (1963), Editorial Caminho (1975) e Civilização (1881), emerxen outras con perfís máis singulares, feito que, en gran medida, se debeu á formación diferenciada dos seus fundadores. A este grupo pertencen editoras portuguesas con programas editoriais moi específicos e cunha acción destacable no eido da promoción da lectura e do libro, converténdose nas responsables dunha notable renovación deste universo literario. Entre elas cómpre citar O Bichinho de Conto (2003), Edições Kual (2003), Deriva (2003), Edições Eterogémeas (2005), Minutos de Leitura (2005), Planeta Tangerina (2006), GATAfunho (2007), Bruáa (2008), Pato Lógico (2010), Bags of Books (2010) ou A Cobra Laranja, xa desaparecida. Nalgunha destas liñas editoriais percíbese unha notable preocupación e un manifesto investimento no labor de divulgación, dinamización e/ou mediación na literatura para as primeiras idades. Así, Pato Lógico, á fronte da cal está o premiado ilustrador André Letria, conta cun servizo pedagóxico moi próximo ás escolas e bibliotecas; Planeta Tangerina, composta por un equipo “residente” dunha escritora (Isabel Minhós Martins) e tres ilustradores (Madalena Matoso, Yara Kono e Bernardo Carvalho), todos eles recoñecidos no ámbito do Premio Nacional de Ilustración, promove tamén as súas publicacións en escolas, bibliotecas e encontros de literatura, entre outros, ademais de ofrecer *online* un abano de estratexias de aproximación e mediación de lectura dos seus libros dirixidos a pais e profesores. Finalmente, Bags of Books, cuxo responsable é o deseñador e ilustrador Francisco Vaz da Silva, alén de dedicarse á publicación, posúe unha librería para a nenez e mocidade, Gigões e Anantes, situada na cidade litoral de Aveiro.

Estas e outras propostas contribuíron, xa que logo, a restituír e fortalecer un tecido cultural que, ata a década dos anos setenta do século pasado, estivera moi condicionado polo programa ideolóxico do sistema ditatorial de Salazar. Seguindo a Alfons Martinell (2014), pode dicirse que todo ese cúmulo de propostas é froito dos axentes culturais resultado do progreso do individual ao colectivo mediante procesos de organización e estruturación social atendendo aos valores, á tradición e as normas do seu contexto, ademais de representaren un factor determinante



para a consolidación da intervención social e unha garantía para a defensa dos principios democráticos. Como o mesmo Martinell (2014) apunta, distínguense tres grandes tipos de axentes culturais –administración pública (gobierno central, comunidades, concellos etc.), terceiro sector (organizacions sen ánimo de lucro: fundacións, asociacións, entidades non gobernamentais etc.) e organizacións privadas (empresas, profesionais autónomos, industria, artistas etc.)–, que, a través dun fluxo constante de interaccións, dinamizan a sociedade dun territorio que acaba por vigorizar o seu patrimonio cultural.

A Literatura Infantil e Xuvenil acostuma ser atendida polos axentes que representan as administracións públicas dun xeito marxinal e polas organizacións privadas como un produto xerador de beneficios. Moitas das súas fraquezas adoitan ser reparadas por entidades sen ánimo de lucro, debido a que ven nesta literatura, no seu estudo e na súa dinamización un medio de alto valor e potencialidades para o ámbito social, cultural e educativo. Ante esta situación e co obxectivo de contribuír á reparación desas debilidades xurdiu a iniciativa de carácter híbrido de João Manuel Ribeiro, quen combinou no seu proxecto editorial Trinta Por Uma Linha a necesidade de facer sostible unha proposta cultural mediante unha entidade empresarial co dinamismo e impacto social que poden acadar as forzas asociativas.

Coa fórmula industria/asociación pretende dar respostas ás demandas do ámbito literario infantil e xuvenil, aínda que este non é o seu único ámbito de actuación. Como se verá a seguir, está a contribuír á vida cultural de Portugal e mesmo doutros espazos próximos xeográfica e culturalmente, pois tamén atende propostas e traballos procedentes de Galicia. De aí que, aínda que nun principio se considere un axente único, o seu labor está a suscitar un proceso de extensión, xa que son cada vez máis os autores e estudosos que participan nas súas iniciativas e, por conseguinte, é cada vez máis intensa a súa acción social por chegar a un maior espectro de público e consumidores.

Os casos de Trinta Por Uma Linha e Tropelias & Companhia

O investigador, estudoso, docente do ensino superior e recoñecido poeta e contista, João Manuel Ribeiro, creou Trinta Por Uma Linha por razóns de índole persoal, pois sentía a necesidade de comezar a publicar os seus propios libros¹. Este proxecto editorial, que arrincou o

¹ Seguindo a Faria e Pericão (2008: 117), João Manuel Ribeiro é un auto-editor.

día 7 de decembro de 2007, representa un exemplo de auto-organización e está dirixido especialmente, pero non con exclusividade, á Literatura Infantil e Xuvenil. Céntrase en publicacións literarias de calidade, en análises críticas e en estudos na área da educación, co propósito de contribuír á formación literaria –coa promoción do gusto pola lectura–, cultural –coa amálgama de tradición e innovación– e estética –coa potenciación da emoción e do goce dos lectores pequenos e grandes. O seu compromiso aséntase, esencialmente, nunha edición de intenso compromiso social, que promove a produción de contidos que favorezan a comprensión e formación lectora en calquera das súas dimensións.

O proxecto, que conta con distribución propia e directa, acolle tres selos –Trinta Por Uma Linha, Tropelias & Companhia e BUSÍLIS– e, a partir do día 19 de decembro de 2008, ampliou as súas accións coa creación de Tropelias & Companhia-Associação Cultural. O 1 de marzo de 2008 publicou o seu primeiro libro, *Rondel de Rimas para Meninos e Meninas*, que foi escrito polo mesmo Ribeiro e ilustrado por Anabela Dias. Nun principio optou por publicar obras de escritores, como Maria da Conceição Vicente ou o mesmo João Manuel Ribeiro, e ilustradores, como Anabela Dias ou Gabriela Sotto Mayor. Todos eles son portugueses e estaban na época no inicio das súas carreiras profesionais e, aínda que estas son características definidoras de boa parte dos autores participantes neste proxecto, co tempo pasou a incluír no seu catálogo autores xa coñecidos, caso de Vergílio Alberto Vieira ou João Pedro Mésseder.

João Manuel Ribeiro sempre mantivo unha gran proximidade cos escritores e ilustradores aos que lles editou obras, ademais de achegarse aos lectores e lectoras mediante numerosas viaxes e visitas aos centros de ensino e a posta en marcha do blogue <http://editoratrintaporumalinha.blogspot.com>. A través destes contactos, amosa o seu catálogo, no que, cun extremado coidado editorial, privilexia a publicación de poesía, de contos e de textos da tradición oral, moitos deles reescritos e obxecto de apelativas recreacións visuais, o que reflicte unha gran preocupación por contribuír á educación estética dos seus destinatarios. Ese intento cristalizouse na creación do Serviço Educativo de Ilustração (SEI), que lle posibilitou ao lectorado das escolas e bibliotecas o contacto cos orixinais das ilustracións dos libros que edita.

A preocupación pola mediación da lectura é igualmente visible, sobre todo no ofrecemento de actividades orientadas á formación como mediadores de pais e profesores, ora co “Saber Ler nas Entrelinhas” ora cos encontros sobre poesía infantil para favorecer o coñecemento dos códigos estéticos do discurso poético, entre os que salienta “Toda a Poesia é Luminosa”, que tivo lugar nas cidades de Coimbra e de Braga no remate do ano 2013. Nestes encontros, que



contaron coa intervención de especialistas como Leonor Riscado, docente da Escola Superior de Educación de Coimbra, ou Sara Reis da Silva da Universidade do Minho (Braga), entre outros, participaron cerca de cincuenta mediadores da lectura.

O proxecto Trinta Por Uma Linha foi moi ben acollido e tivo moito éxito no panorama editorial nacional pola calidade literaria, plástica e estética das súas publicacións (Sotto Mayor, 2012), tal e como o certifica a inclusión dun número considerable de libros editados no Plano Nacional de Lectura (PNL) e a recomendación de parte deles no portal do Projecto Gulbenkian/Casa da Lectura. Améntese, a título exemplificativo, o seguinte conxunto de libros incorporados no PNL: *Rondel de Rimas para Meninos e Meninas* (2008), de João Manuel Ribeiro e con ilustracións de Anabela Dias; *A Floresta Perlímpimpim* (2008), de Teresa Guimarães e con ilustracións de Anabela Dias; *Versos Diversos* (2008), de Nuno Higinio e con ilustracións de Ana de Castro; *Mãos Mãos Mãos* (2008), de Francisca Maia; *Emília e o Chá de Tília* (2008), de Alexandra Pinheiro e con ilustracións de Sandra Nascimento; *Os Cavalos a Correr* (2008), de Amadeu Baptista e con ilustracións de Estela Baptista Costa; *Cinema Garrett* (2008), de Vergílio Alberto Vieira e con ilustracións de Anabela Dias; *A Casa Grande* (2009), de João Manuel Ribeiro e con ilustracións de Ricardo Rodrigues; *A Menina de Papel* (2010), de Teresa Guimarães, ilustrado por Anabela Dias; *Eu Fui o Menino Jesus* (2010), de João Manuel Ribeiro e con ilustracións de Anabela Dias; *Soletta a Letra* (2010), de João Manuel Ribeiro e con ilustracións de Elsa Fernandes; *A Mala Rápida do Senhor Parado* (2010), de Rui Almeida Paiva; *O Bicho de Sete Cabeças* (2010), de Carmen Zita Ferreira e con ilustracións de Sandra Serra; *Um olhar de Menina* (2010), de Adélia Carvalho e con ilustracións de Marta Madureira; *Meu Reino por um Cavalo* (2011), de António Ferra e con ilustracións de Rui Castro; *Amílcar, Consertador de Búzios Calados* (2011), de Maria João Alves e con ilustracións de Ana Justo; *O Mosteiro de Santa Maria de Salzedas* (2011), de José Jorge Letria e con ilustracións de Elsa Lé; *A Oleira Prodigiosa* (2011), de Vergílio Alberto Vieira e con ilustracións de Anabela Dias; *Animais no Sótão* (2012), de Gisela Silva e con ilustracións de Anabela Dias; *A Bicha Moira* (2012), de Maria da Conceição Vicente e con ilustracións de Teresa Lares; *A Avó Come Muito Queijo, É o que é!* (2012), de Manuela Leite e con ilustracións de Gabriela Sotto Mayor; *O Rapaz Sem Orelhas de Burro* (2012), de João Manuel Ribeiro e con ilustracións de Marta Madureira; *O Senhor Péssimo é o Máximo* (2012), de João Manuel Ribeiro e con ilustracións de Anabela Dias; *O Manto Encantado da Moura* (2012), de Gisela Silva e con ilustracións de Teresa Lares; *A Casa do João* (2012), de João Manuel Ribeiro e con ilustracións de João Vaz de Carvalho; *A História de Frei João da Esperança* (2013), de João Pedro



Mésseder e con ilustracións de Elsa Lé; *Episódios da Vida de um Jovem Gato* (2014), de Raquel Ramos e con ilustracións de Carla Nazareth; e *Pandeiretas, Cornetins e Rimas Afins* (2014), de José António Franco e con fotografías de António Rilo.

Sen dúbida, o feito de que un elevado número destes títulos se intregara nas listas do PNL motivou que tanto o seu editor coma os autores e ilustradores participasen nun constante movemento de animación da lectura en escolas públicas e privadas. Outrosí son de citar as colectáneas *Verso a Verso - Antologia Poética* (2009), con textos de Francisco Duarte Mangas e Luísa Ducla Soares, entre outros, e ilustracións de João Concha; e *Versos de Não Sei Quê* (2011), unha antoloxía organizada por João Manuel Ribeiro, con textos de Álvaro Magalhães e Violeta Figueiredo, entre outros, e ilustracións de Gabriela Sotto Mayor.

É de sinalar tamén que o selo Trinta Por Uma Linha alentou varias coleccións. A saber: “Rimas traquinas”, dirixida ao eido poético; “Oito por um cordel”, centrada no conto, nun espectro alongado de destinatarios, desde a nenez á idade adulta²; “Pim pam pum”, enfocada aos máis pequenos, polo que privilexia a imaxe; “Ditos (im)populares”, destinada a recrear e reinventar as tradicións populares; “Os livros do Rafa”, orientada a un lector adolescente, ideada e escrita por Fátima Pombo; “Adolescentes.com”, tamén para este público e acollidora dunha ampla variedade de modos e xénero literarios; “Trocado por miúdos”, dedicada á publicación de traballos literarios do alumnado de escolas, en colaboración cun escritor e/ou ilustrador; “O barulho dos segredos”, con catro ou cinco contos por cada un dos volumes asinados por João Manuel Ribeiro; “Extra”, unha colección de gran formato (A4) aberta a todos os xéneros literarios; “O lado B das histórias”, indicada para adolescentes e escrita por Margarida Fonseca Santos, na que sobresa a saga “O reino de Petzet”; “Fora dos eixos”, destinada á publicación de novelas para o lectorado autónomo; “Livro-Agenda”, cun único exemplar, no que se asocia o texto e a ilustración a unha axenda; “Memória de Elefante”, promotora de autores de Literatura Infantil e Xuvenil non coñecidos, esquecidos (e xa falecidos); e “D’Aquém e D’Além”, soporte de lendas e historias locais –portuguesas e estranxeiras, sobre todo africanas, brasileiras e timorenses. De todas estas coleccións ou series, “Rimas traquinas” é talvez a que maior impacto tivo (Silva, 2016). En efecto, esta colección evidencia unha especial coherencia e unha inusitada cohesión, na medida en que integra antoloxías poéticas, case todas de autoría nominal, gráfica e/ou visualmente moi coidadas. A calidade dos textos que presenta foi recoñecida, por exemplo, na propia integración dalgúns poemas en manuais de lingua portuguesa (1º ciclo do Ensino Básico) ou ata na súa animación en



² Para un maior coñecemento sobre esta colección véxase Marijn Brouckaert (2008).

contextos diversos, como escolas ou bibliotecas. Estas razóns certifican o seu éxito e a súa cálida recepción non só por parte dos pequenos lectores, senón tamén dos mediadores adultos.

Máis alá de fixarnos na diversidade das súas coleccións, tamén é de referir o índice de publicacións do selo Trinta Por Uma Linha. No comezo, o número de volumes por ano aproximouse á vintena —en 2008, publicou dezaioito libros; en 2009, dezaseis; en 2010, dezaioito; e en 2011, dezanove—, mentres que, no ano 2012, só alcanzou oito exemplares. Un decrecemento no nivel de produción que, con plena seguridade, se debeu á crise económica que azoutou con forza e segue a azoutar Portugal e se deixou notar sobre todo no sector cultural.

No que atinxe a Tropelias & Companhia, é de sinalar que se converteu nun selo de Trinta Por Uma Linha nas áreas da crítica e dos estudos literarios. Trátase dunha liña editorial —única na súa modalidade en Portugal— que atende a análise, sistematización e valoración da literatura de potencial recepción infanto-xuvenil. Baixo a etiqueta “Percurso en Literatura Infantojuvenil” xa sacou á luz volumes como *Figurações do Desejo e da Infância em Eugénio de Andrade* (2010) e *A Música das Palavras* (2017), de José António Gomes; *Literatura para a Infância e Ilustração. Leituras em Diálogo* (2010) e *Tendências Contemporâneas da Literatura Portuguesa para a Infância e Juventude* (2012), de Ana Margarida Ramos; *Encontros e Reencontros. Estudos sobre Literatura Infantil e Juvenil* (2010), *Entre Textos. Perspectivas sobre a Literatura para a Infância e Juventude* (2011), *De Capuz, Chapelinho ou Gorro. Recriações de O Capuchinho Vermelho na Literatura Portuguesa para a Infância* (2011), *Casas Muito Doces: Reescritas Infanto-Juvenis de Hansel e Gretel* (2015) e *Capítulos da História da Literatura Portuguesa para a Infância* (2016), de Sara Reis da Silva; *Sinergia Onírica entre Palco e Papel. O Teatro de Marionetas do Porto* (2012), de Ana Paula Garcia de Almeida; *La guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)* (2013), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Veljka Ruzicka Kenfel e Ana Margarida Ramos; *Educação Literária e Literatura Infantojuvenil* (2014), de Blanca-Ana Roig Rechou; *Palavra de Criança Não Está Poluída. A Obra Infantil e Juvenil de Sidónio Muralha* (2014) e *Pensamento que Respira e Palavra que Arde* (2015), de João Manuel Ribeiro; *Viagem Exploratória pela Atual Literatura Infantil* (2015), de Cláudia Mota; *Literatura Juvenil dos Dois Lados do Atlântico* (2016), de Ana Margarida Ramos e Diana Navas; e *Aproximações ao Livro-Objecto* (2017), organizado por Ana Margarida Ramos. Trátase dun abano de obras que está a ter unha considerable difusión a un e outro lado do río Miño, xa que, desde unha perspectiva científica e académica, recoñecidos estudosos portugueses e galegos se deteñen na observación e análise dos factores que conforman os seus respectivos sistemas literarios

infantís e xuvenís. Sen dúbida, estes ensaios supoñen un material de notable interese para investigadores, profesores e mediadores da lectura.

Fóra dos lindes da Literatura Infantil e Xuvenil, o selo de Tropelias & Companhia tamén edita a colección “Caleidoscópico”, que naceu coa vontade de albergar estudos variados multi, pluri e interdisciplinares sobre temáticas que discorren desde a Filosofía á Estética, dos Estudos Críticos á Teoría Literaria, da Psicoloxía ás Ciencias da Educación, da Socioloxía ás Ciencias Sociais e da Ilustración ás Artes, entre outras. “Caleidoscópico” tamén está aberta a diferentes enfoques metodolóxicos e linguas (portugués, inglés, castelán, galego e francés) e a súa comisión científica está integrada por especialistas de distintas áreas e nacionalidades. De momento, só acolleu a reedición actualizada, agora en castelán, do estudo *Álvaro Cunqueiro o los disfraces de la melancolía* (2014), no que Anxo Tarrío iluminou a dimensión humanística do autor de Mondoñedo e a poética da esperanza que traspasa toda a súa creación³.

Polo que respecta a Tropelias & Companhia-Associação Cultural, esta ten por obxecto social a promoción e a divulgación da literatura para as primeiras idades mediante a realización de actividades e eventos culturais como a edición de textos literarios e materiais didácticos, a presentación de libros, a programación de encontros de escritores e ilustradores, a organización de coloquios, cursos, talleres e exposicións sobre diferentes temáticas no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil, das artes e da música. Con esta iniciativa cultural, Ribeiro tamén se compromete a apoiar propostas na área da literatura para os máis novos mediante a animación e a promoción da lectura e a creación artística ao pé de bibliotecas escolares e públicas e outras entidades. Así mesmo, ocúpase da formación de animadores e mediadores da lectura e apoia e desenvolve proxectos no campo da educación, das artes plásticas e da literatura infanto-xuvenil, procurando sempre o traballo conxunto con outras asociacións e institucións coas que comparte obxectivos similares ou complementarios. Tampouco se esquece de acoller e dinamizar un núcleo de estudos ao redor da literatura para as primeiras idades.



³ Ao inxente labor deitado por João Manuel Ribeiro nas amentadas iniciativas e publicacións, hai que sumarlle o feito de que, durante un tempo, se responsabilizou da edición de *Solta Palavra*, o boletín do Centro de Recursos e Investigación em Literatura Infantil e Juvenil (CRILIJ).

Notas finais

A modo de conclusión, salientase a heroicidade destes selos por non teren desaparecido ante o vendaval orixinado pola crise, especialmente no ámbito cultural, e por continuar a ocupar un lugar relevante no mercado editorial portugués e deixar sentir os seus ecos fóra das súas fronteiras, mesmo en difíciles condicións económicas, posto que está a cumprir unha importante función divulgativa e formativa. O seu responsable, João Manuel Ribeiro, non escatimou esforzos na preservación da súa actividade, nin como escritor, nin como mediador da lectura, nin como editor, e mantén unha relación moi dinámica e produtiva con escritores, ilustradores, investigadores e estudiosos tanto portugueses coma galegos. A súa dedicación e o seu esforzo sosteñen unha valiosísima plataforma empresarial/asociativa para seguir a insuflar de vida unha literatura tan necesaria para facer lectores e cidadáns, así como para continuar co seu estudo baixo parámetros científicos. Neste sentido sitúase na liña defendida por Blanca-Ana Roig (2008: 111), quen sinala que os seus produtos son dignos de estudar desde calquera metodoloxía que se prece dentro dos Estudos Literarios e non só, como xa indicou Zohar Shavit (1986), desde os estudos documentais, didácticos e pedagóxicos. Unha viraxe de enfoque que nos últimos tempos permitiu visualizar a relevancia da Literatura Infantil e Xuvenil no polisistema cultural e mesmo no desenvolvemento das nacións tal e como ten defendido Itamar Even-Zohar (1990, 1994, 1999) na súa Teoría dos polisistemas.

Referencias bibliográficas

- BROUCKAERT, M. (2008). Oito por un cordel. Xullo 2008. Consultado o 2 de xuño de 2017, <http://editoratrintaporumalinha.blogspot.pt/2008/07/oito-por-um-cordel.html>
- EVEN-ZOHAR, I. (1990). "Polysystem Theory". *Poetics Today*, 11 (1), 9-94. Consultado o 2 de xuño de 2017, https://www.jstor.org/stable/1772051?seq=1#page_scan_tab_contents
- EVEN-ZOHAR, I. (1994). "La función de la literatura en la creación de las naciones de Europa". En Villanueva, D. (Ed.). *Avances en Teoría de la Literatura: Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas* (pp. 357-377). Santiago de Compostela:

- Universidade de Santiago de Compostela. Consultado o 2 de xuño de 2017, <http://www.tau.ac.il/~itamarez%20/works/papers/trabajos/EZ-function-literatura.pdf>
- EVEN-ZOHAR, I. (1999). “Factores y dependencias en la cultura. Una revisión de la teoría de los polisistemas”. En Iglesias, M. (Ed. e trad.). *Teoría de los polisistemas* (pp. 23-52). Madrid: Arco/Libros. Consultado o 2 de xuño de 2017, <http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/EZ-factores-dependencias.pdf>
- FARIA, M^a. I. e PERICÃO, M^a. da G. (2008). *Dicionário do Livro*. Coimbra: Almedina.
- MARTINELL SEMPERE, A. (2014). Los agentes de la cultura. Consultado o 5 de xuño de 2017, <http://atalayagestioncultural.es/capitulo/agentes-cultura>
- REIS DA SILVA, S. (2016). “Poesía para a Infância: ‘o indispensável supérfluo’ – um percurso pelas ‘Rimas Traquinas’”. *Revista Expressão*, 1, 165-173.
- ROIG RECHOU, B-A (2008). *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*. Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia. Consultado o 5 de xuño de 2017, http://webspersoais.usc.es/export9/sites/persoais/persoais/blanca.roig/descargas/seis_chaves.pdf
- SHAVIT, Z. (1986). *Poetics of Children’s Literature*. Atenas/Londres: The University of Georgia Press.
- SOTTO MAYOR, G. (2012). “5 anos a fazer Trinta Por Uma Linha”. Decembro 2012. Consultado o 2 de xuño de 2017, <http://editoratrintaporumalinha.blogspot.pt/2012/12/5-anos-fazer-trinta-por-uma-linha.html>
- TRINTA POR UMA LINHA (n. d.). Consultado o 2 de xuño de 2017, <http://www.trintaporumalinha.com/#!/c1tp2>

